




↑ À bout de souffle (Ao final da escapada). Jean-Luc Godard. ESTREA 16 XAN

NUMAX PRESENTA:

97 | XANEIRO 2026



Librería



Ano novo, libros novos

Comezamos o 2026 con
algúns dos títulos que
estrearán a nosa sección de
novidades ao longo deste mes.



¿Por qué son tan lindos los caballos?

Julieta Correa

COMISURA | 18€



Oxígeno

Marta Jiménez Serrano
ALFAGUARA | 18.90€



Malacría

Elisa Díaz Castelo

SEXTO PISO | 20.90€



Reliquia

Pol Guasch
ANAGRAMA | 18.90€



Autobiografía de mis perros

Sandra Petignani

NÓRDICA | 20.95€



Mulleres empilladas

Patricia Melo
RINOCERONTE | 20€



Tempo de correspondencia


Xesús Fraga
e Xerardo Quintiá

XERAIS | 17,50€



El pensamiento erótico

Sara Torres
RESERVOIR | 21.90€



Albión

Anna Hope

LIBROS DEL
ASTEROIDE | 24.95€



Tierra mezclada

Marise Condé

IMPEDIMENTA
| 22,95€



¿Qué buscas, lobo?

Eva Viežnaviec

GATOPARDO | 17.95€



El guillomo

Robin Wall
Kimmerer

CAPITÁN
SWING | 16€

Eventos | Xaneiro 2026

XOVES 22 DE XANEIRO ÁS 19:30H

Copresentación de *Amor palimpsesta* (ESPIRAL MAIOR) de **Helena Salgueiro** e *Mundo Carne* (MALAFERA) de **Branca Trigo** no marco da actividade «Restos de letra e carne: memoria, creación e materia poética».

VENRES 23 DE XANEIRO ÁS 19:00H

Conversa sobre *A praza do Diamante* (RODOLFO E PRISCILA) coa participación de **Pilar Vilaboi** (tradutora), **María Villamarín** (autora do prólogo), e **Carlos Meixide** (editor de Rodolfo e Priscila).

XOVES 29 DE XANEIRO ÁS 19:00H

Presentación de *Adelina* (Galaxia) de **Sandra Lodi**.



NUMAX NA ESCOLA

**PROXECCIONS
EDUCATIVAS
PARA INFANTIL,
PRIMARIA,
SECUNDARIA E
BACHARELATO.**

Infórmate en
numax.org/na-escola
escola@numax.org



CITA A CEGAS



PELÍCULA SORPRESA

PASE ÚNICO 14 XAN

Desde o Cinema NUMAX organizamos unha cita a cegas
co cinema na que non vas saber que vas ver até que comece
a película. Prezo especial de 4€ (abonadas 3,5€).



Filme do mes:



NOUVELLE VAGUE ESTREA 9 XAN

Richard Linklater, 105', FR, VOSE, +12

Con Guillaume Marbeck, Zoey Deutch

A historia detrás da creación da Nouvelle Vague, centrándose na produción da mítica película de Jean-Luc Godard *À bout de souffle* (*Ao final da escapada*) en 1960. Richard Linklater, autor da triloxía *Antes de...* ou *Boyhood*, revive o ambiente creativo que deu lugar á pedra angular do movemento cinematográfico que mudaría para sempre o cinema. Unha obra «festiva, emotiva e profundamente evocadora» (*Fotogramas*).

Sección Oficial
– Cannes 2025



 **La cronología del agua.**
Lidia Yuknavitch
CICELY EDITORIAL | 19,90€



 **Hamnet . Maggie O'Farrell**
LIBROS DEL ASTEROIDE | 23.95€

A CRONOLOXÍA DA AUGA **ESTREA 9 XAN**

Kristen Stewart, 128', ING, VOSE

Con Imogen Poots, Thora Birch

Lidia Yuknavitch atopou a salvación, tras unha infancia e xuventude mancada polos abusos e as adicións, na literatura e a natación e acabou sendo nunha exitosa mestra, nai e escritora.

 **Mellor Película – Unha Certa Mirada Cannes 2025**

À BOUT DE SOUFFLE (AO FINAL DA ESCAPADA)

REESTREA 16 XAN

Jean-Luc Godard, 89', FR, VOSE, 1960

Con Jean-Paul Belmondo, Jean Seberg

Michel Poiccard é un ex-figurante admirador de Bogart. Rouba un coche para ir a París e mata fortuitamente un policía. Sen remorsos, continúa a súa viaxe e coñece a Patricia, que vende o *New York Herald Tribune* nos Campos Elíseos.

 **Mellor Dirección – Berlinale 1960**

LA MISTERIOSA MIRADA DEL FLAMENCO **ESTREA 16 XAN**

Diego Céspedes, 104', ESP, VO

Con Tamara Cortés, Matías Catalán

Lidia vive nunha agarimosa familia *queer*. Cúpaos dunha doenza que se di transmitir a través da mirada cando un home namora doutro. Lidia busca vinganza, mais o amor podería devir no verdadeiro perigo.

 **Gran Premio do Xurado – Unha certa mirada Cannes 2025**


HAMNET **ESTREA 23 XAN**

Chloe Zaó, 125', ING, VOSE, +12

Con Jessie Buckley, Paul Mescal

É a historia de Agnes, a esposa de Shakespeare, e a súa loita por superar a perda do seu fillo, Hamnet. Historia humana e desgarradora con Hamlet como pano de fondo.

 **6 nominacións – Globos de Ouro 2026**



i Coloquio en liña con Sean Baker, guionista do filme.

A RAPAZA ZURDA ESTREA 30 XAN

Shih-Ching Tsou, 108', ZH, VOSE

Con Janel Tsai, Nina ye

Unha nai solteira e as súas dúas fillas volven a Taipei para abrir un posto nun rebuldeiro mercado nocturno. Terán que adaptarse a esta nova contorna para chegar a fin de mes e conseguir manter a unidade familiar.

Sección Oficial – SEMINCI 2025

Especial Jim Jarmusch



COFFEE AND CIGARETTES

PASE ÚNICO 6, 8 XAN

Jim Jarmusch, 96', ING, VOSE, 2003

Con Roberto Benigni, Steve Buscemi, Cate Blanchett

A curta de Jarmusch *Coffee and Cigarettes* recibiu a Palma de Ouro de 1993. Once anos despois ródate co mesmo título un conxunto de episodios curtos, con personaxes tomando café, fumando cigarrillos e discutindo sobre diversos temas da vida.

Sección Oficial – SEMINCI 2004

European Award Season




PERSONA PASE ÚNICO 13 XAN

Ingmar Bergman, 81', SV, VOSE, 1966

Con Liv Ullmann, Bibi Andersson

Elisabeth, unha célebre actriz de teatro, é hospitalizada tras perder a voz durante unha representación de *Electra*. Alma, a enfermeira encargada de coidala, tenta romper o seu mutismo falándolle sen parar.



LA CHIMERA PASE ÚNICO 15 XAN

Alice Rohrwacher, 130', ITA, VOSE, +7, 2023

Con Josh O'Connor, Carol Duarte

Inesperado zahorí, Arthur localiza ocos baixo a terra. O que o converte no perfecto buscador de tesouros da civilización etrusca. Aínda que o que Arthur anhelaría reencontrar, a quimera que o guía, é a Beniamina, o seu amor perdido.

Mellor Guión – Cannes 2023

Centenario Rafael Azcona



PLÁCIDO REESTREA 2 XAN

Luis García Berlanga, 85', ESP, VO, 1961

Con Cassen, José Luis López Vázquez

Uns burgueses organizan unha campaña de Nadal co lema: “Sente un pobre á súa mesa”. Plácido é contratado para participar co seu motocarro na cabalgata, ese día vence a primeira letra do vehículo.

🏆 Sección Oficial – Cannes 1962



📌 Presenta José Luis Castro de Paz.

📖 *Que me quieres, amor?*

Manuel Rivas

GALAXIA | 19,20€

A LINGUA DAS BOLBORETAS

PASE ÚNICO 20 XAN

José Luis Cuerda, 97', ESP, VO

Con Fernando Fernán Gómez, Manuel Lozano

Na Segunda República, don Gregorio ensina o pequeno Moncho toda a súa sabedoría. A ameaza fascista paira sobre o mestre progresista. Guión de Azcona adaptando tres relatos de *Que me quieres, amor?* de Manuel Rivas.

🏆 Goya a Mellor Guión Adaptado 1999

Foco Mohamed Jabaly



📌 Presentación e coloquio co director



📌 Presentación e coloquio co director

AMBULANCE PASE ÚNICO 7 XAN

Mohamed Jabaly, 80', AR, VOSE

Jabaly relata en primeira persoa o asedio de Gaza do verán de 2014. O director únese á tripulación dunha ambulancia ofrecendo unha ollada inédita a unha cidade sitiada, na que non parece albiscarse un futuro.

🏆 Sección Oficial – CPH:Dox 2017

LIFE IS BEAUTIFUL. A LETTER TO GAZA PASE ÚNICO 8 XAN

Mohamed Jabaly, 90', AR/ING, VOSE

Atrapado no frío e escuro ártico do norte de Noruega, Mohamed Jabaly só é quen de conectar coa súa familia en Gaza a través de Internet. A rede sèrvelle para manter a súa creatividade e apoiar á súa familia e amizades, mantendo vivo o seu lema: “A vida é bela”.

🏆 Mellor Director – Amsterdam 2023

Petís Numax



O SEGREDO DO FERREIRIÑO

PASES ÚNICOS 24-25 XAN

Antoine Lanciaux, 77', VE, +5

Cando Lucie chega a Bectoile para pasar as vacacións, non pode imaxinar as aventuras que a agardan. A súa nai, Carol, dirixe unha excavación arqueolóxica. Lucie descubrirá abraida un segredo familiar.

Foco Kleber Mendonça Filho



O SOM AO REDOR **PASE ÚNICO 27 XAN**

Kleber Mendonça Filho, 131', VOSE, 2012

Con Irandhir Santos, Gustavo Jahn

Os moradores dun barrio de Recife séntense inseguros e contratan unha empresa que os protexa. Esta decisión altera a vida das súas rúas, aínda que a cotiandade atopará axiña o seu rumbo.

🏆 **Premio da Crítica - Rotterdam 2012**

Os ollos verdes



FUCK THE POLIS **PASE ÚNICO 19 XAN**

Rita Azevedo Gomes, 74', PT, VOSE

Con Bingham Bryant, Mauro Soares

Hai vinte anos Irma fixo unha viaxe a Grecia. Agora regresa acompañada de tres mozos. De illa en illa, os viaxeiros len, escoitan e viven, levados por unha ansia de beleza e claridade.

🏆 **FICX 2025**



i Presentación e coloquio
coa directora

QUEER ME **PASE ÚNICO 29 XAN**

Irene Bailo Carramiñana, 95', ESP, VO

Con Liv Ullmann, Bibi Andersson

Os primeiros amores, o descubrimento da comunidade *queer* de Toulouse..., Irene explora a súa relación coas normas sociais e as do propio colectivo. Unha viaxe vital, política e xeracional, unha mirada íntima e coral do movemento transfeminista desde a casa okupa TDB.

NUMAX **10**
numax.org **10**


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE MEDIA SUB-PROGRAMME

Co patrocínio de

AAAAAAA Agência
GGGGGG Gráfica

  @numaxcoop
